

ORDENANZA FISCAL Número . 18

**REGULADORA DA TAXA POLA APERTURA DE SONDAXES OU GABIAS EN TERREOS DE
USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS
NAS VÍAS PÚBLICAS**

Artigo 1º: -FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa por apertura de sondaxes ou gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas nas vías públicas.

Artigo 2º: -FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público pola apertura de calcatas ou zanzas en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas nas vías públicas.

Artigo 3º: -SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a favor de quen se outorgue as licenzas, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4º: -RESPONSABLES

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º: -COTA

A cota tributaria determinarase pola aplicación das tarifas seguintes:

- Por metro lineal ou fracción de gabia ou sondaxe aberta, sexa cal sexa a clase de pavimento que exista onde se realiza a obra. Prezo diario de 1'18 €

-Por m² ou fracción de pavimento ou beirarrúa removido na vía pública. Prezo diario de 1'18 €

- Con carácter mínimo e sempre que por aplicación da presente tarifa non se alcance o prezo que se fixa, percibiranse 66,55 €.

Artigo 6º: -NORMAS DE XESTIÓN

1.-De conformidade co previsto no artigo 47.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, e co fin de garantir en todo caso os dereitos da Administración, toda solicitude de licenzia para que poida ser admitida a trámite deberá acompañarse de un xustificante do depósito previo desta taxa.

2.-A liquidación do depósito previo practicarase tendo en conta os datos formulados por o interesado.

3.-O depósito provisional non causará dereito algún e non faculta para realizar as obras, que só poderán levarse a cabo cando se obteña a licenzia.



4.-A liquidación practicada, conforme as normas anteriores, elevarase a definitiva unha vez que recaiga resolución sobre a concesión da licencia, e se ésta fora denegada, o interesado poderá instar a devolución dos dereitos pagados.

5.- Consideraranse caducadas as licencias se despois de concedidas transcorren trinta días sen comezar as obras. Unha vez iniciadas éstas, deberán seguir sen interrupción.

6.-Cando se trate de obras que deben ser executadas inmediatamente polos graves prexuízos que a demora poidera producir (fugas de gas, fusión de cables, etc.), poderán iniciarse as obras sen obter a autorización municipal coa obrigaçón de solicitar a licencia dentro das vinte e catro horas seguintes ao comezo das obras e xustificar a razón da súa urxencia.

7.-Cando non se trate de apertura de calicatas para a conexión de auga, a reparación do pavimento ou terreo removido será, en todo caso, do exclusivo cargo e conta de quen se beneficiara dos mesmos. En garantía de que polo interesado procedase á perfecta reparación de aqueles, para poder tramitar a solicitude deberá acreditarse a constitución da correspondente fianza. Se a garantía constituída non fora suficiente para cubrir o montante das obras a executar, o interesado aboará a diferenza conforme á conta que formule o técnico municipal.

8.-O recheo ou macizado de zanxas e a reposición do pavimento deberá realizarse polo Concello, ou, cando éste non fora posible, polo concesionario, facéndose constar neste último caso dita circunstancia no documento de licencia ou no volante de urxencia que resultare preciso utilizar.

9.- No caso de que, efectuada a reposición do pavimento polo concesionario da licencia, os Servizos Municipais estimen, previas as comprobacións pertinentes, que as obras non se han realizado de acordo coas esixencias técnicas correspondentes, o Concello poderá proceder á demolición e nova construción das obras defectuosas, vindo obrigado o concesionario da licencia a satisfacer os gastos que se produzan pola demolición, recheo de zanxas e nova reposición do pavimento.

10.-A Sección Técnica Municipal correspondente, comunicará á Administración de Rentas, o prazo concedido para a utilización da calicata en cada caso. Se transcorrido o prazo autorizado, continuara aberta ésta ou non quede totalmente reparado o pavimento e en condicións de uso normal, liquidaranse novos dereitos, de conformidade coa Tarifa, sen prexuízo das sancións que poidan impoñerse pola Alcaldía.

Artigo 7º: -DEVENGO

1.- Devéngase a Taxa e nace a obrigaçón de contribuír no momento de solicitarse a licencia para realizar calquera clase de obra na vía pública ou dende que se realice a mesma, se procedeuse sen autorización.

2.-O pago da taxa realizarase na Oficina de Xestión Tributaria e Recadación ou entidades colaboradoras.

DISPOSICIÓN FINAL: Derogada

DILIXENCIA:

Constatase que a presente Ordenanza aprobouse provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 1.998, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 299 de 31 de decembro do ano 1.998.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º, 3º, 4º e 5º e derrogouse a disposición final, publicándose os seus textos no BOP Nº 285 de 12 de decembro do 2008.